

INSTRUCCIÓN RELATIVAS Á MEMORIA ANUAL DE TRANSPORTISTAS, AXENTES E NEGOCIANTES DE RESIDUOS PERIGOSOS**INSTRUCCIÓN XERAIS**

Conforme ao establecido no artigo 65 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, as entidades e empresas que transporten residuos perigosos con carácter profesional ou actúen como negociantes e axentes de residuos perigosos, enviarán unha memoria resumen da información contida no arquivo cronolóxico á comunidade autónoma na que presentasen a comunicación.

¿Quen debe presentar a memoria?

- Os transportistas de residuos perigosos con carácter profesional
- Os Negociantes de residuos perigosos
- Os axentes de residuos perigosos

¿Como se debe presentar a memoria?

Debe facer un resumo en formato editable da información contida no seu arquivo cronolóxico, indicando de forma agrupada os traslados por código LER, cantidade (t) , NIMA orixe (ou identificación fiscal no caso de entidades de fóra de España) e NIMA destino.

No caso de estar utilizando o **Arquivo Cronolóxico** dispoñible na Plataforma Galega de Información Ambiental eResiduos (GalA), poderá sacar un listado de traslados do arquivo cronolóxico filtrando no bloque do traslado correspondente polo NIMA da súa inscrición: no bloque de transportista no caso de que actúe como tal ou no bloque do operador no caso de que actúe como axente ou negociante de residuos perigosos.

Esta documentación deber ser presentada a través da sede electrónica da Xunta de Galicia da páxina web <https://sede.xunta.gal/portada>, indicando no apartado “Outra documentación” do procedemento **MT201I**, se son: Transportistas, axentes ou negociantes

¿Cal é o prazo de presentación?

- Antes do 1 de marzo do ano posterior respecto ao cal se recolleron os datos.

¿A quen se dirixe?

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
Subdirección Xeral de Residuos
Servizo de Residuos

Normativa aplicable:

- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular